

**Primeira aproximación aos taboleiros de
xogo da Compostela barroca
Colectivo A Rula**




**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22

Compostela foi declarada Patrimonio Cultural da Humanidade pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO, no ano 1985. Tal consideración levou, nos anos seguintes, a un considerable aumento do interese nela por parte de eruditos e investigadores das máis diversas ramas do saber, multiplicándose desde aquela as publicacións e estudos que achegaron novos coñecementos, ao tempo que, desde as distintas administracións competentes, desenvolvéronse medidas conducentes á protección e conservación de todo este rico e variado patrimonio.



É por isto que resulta, cando menos, curioso o feito de que despois de todos estes anos sigan a existir elementos case completamente descoñecidos para a maioría das persoas, residentes e visitantes, como acontece cos que agora son o obxecto da nosa atención.

Pode que a causa principal resida no poder de atracción do fenómeno xacobeo e que serviu de foco de atención das máis diversas vontades, pero que ao mesmo tempo tamén actuou de xeito excluínte cara a correcta valoración de outros elementos patrimoniais, que tamén son memoria da historia da cidade, e cuxo estudo permitiría ampliar o noso, sempre incompleto, coñecemento sobre a vida cotiá dos habitantes de Compostela.

Pensamos que este descoñecemento é o principal perigo que pode impedir garantir a súa conservación futura, e é a causa de que nos atrevamos aquí a iniciar o estudo duns deseños moi simples, moi bastos na maioría das ocasións, reflexo do lecer dos habitantes da cidade.

Introdución

O uso de taboleiros para o xogo é algo habitual e popular en case calquera sociedade de calquera época ou lugar. Consérvanse exemplos disto desde a máis remota antigüidade.

“De oriente próximo son as primeiras referencias milenarias sobre taboleiros de xogo, concretamente coñécese unha fermosa peza de Mesopotamia, procedente da cidade sumeria de Ur coñecida hoxe vulgarmente como o real xogo de Ur, que ao parecer xogábase con dados piramidais. Do antigo Exipto dispoñemos dalgunhas referencias de moito interese: como taboleiro de xogo interprétase unha peza circular de pedra, que representa unha pedra enroscada a modo de espira do período arcaico, actualmente no museo Fitzgerald en Cambridge, no que poderíamos ter o antepasado do popular xogo de taboleiro da oca”¹.

En multitude de xacementos da Grecia e a Roma clásicas existen numerosos exemplos conservados de taboleiros dos máis variados xogos.

De cronoloxía medieval consérvanse bastantes exemplos por toda Galicia, vinculados principalmente a castelos, igrexas e mosteiros.

A cidade de Santiago non é unha excepción. Nela consérvanse varios elementos de diferentes épocas que testemuñan este feito:

- Dos taboleiros medievais conservados no **claustro románico da Colexiata de Sar**², xa nos ocupamos noutra ocasión anterior.



Taboleiro da Igrexa da Compañía.



Catedral de Ourense.



Pazo arcebispal de Ourense.

¹ **Costas Goberna, Fernando J.** “As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogos galegos”. Páx. 14-15.

² <https://colectivoarula.com/2015/03/04/taboleiros-de-xogo-da-colexiata-de-santa-maria-de-sar/>

- Tamén prestáramos atención ao **taboleiro da Capela do Carme de Abaixo**³, ó que atribuíramos a súa factura á época medieval.
- Outro exemplar conservado é o **taboleiro localizado nas escavacións do castelo da Rocha Forte**⁴. Trátase dun alquerque do 9 de cronoloxía medieval como o xacemento.
- Outro **taboleiro foi localizado na base da torre Berenguela da catedral**⁵ durante os traballos de restauración levados a cabo nos últimos anos.



Alquerque do Castelo da Rocha.



Colexiata de Sar.



Banco do Adro da Capela do Carme.



Taboleiro de xogo medieval localizado no interior do Pazo de Xelmírez.

No proceso de procura destes taboleiros localizamos un novo exemplo no interior do **Pazo de Xelmírez**. Trátase dun rectángulo dividido interiormente por dúas liñas diagonais que se entrecruzan resultando 4 triángulos. Complétase con dúas coviñas en dous dos triángulos. En canto a cando pudo ser elaborado resulta difícil concretar unha data dado que o edificio sufriu constantes reformas desde a súa construción na Idade Media.

Nesta ocasión trataremos de proporcionar algunha luz a un numeroso conxunto de taboleiros de xogo que se conservan espallados por toda a cidade de Compostela e que conforman un singular conxunto sen equivalente coñecido. Incluímos neste conxunto os taboleiros xa mencionados da Capela do Carme e o da Torre da Berenguela da catedral xa que son da mesma tipoloxía.


³ <https://colectivoarula.com/2014/01/02/o-alquerque-de-tres-da-capela-do-carme-de-abaixo/>

⁴ <http://juegosdetablosromanosymedievales.blogspot.com/2010/04/el-alquerque-de-alquerque-de-ix-del.html>


⁵ <http://juegosdetablosromanosymedievales.blogspot.com/2014/10/alquerque-de-iii-de-la-catedral-de.html>

Da importancia que se lle deu ao xogo na cidade dá boa conta a documentación oficial do Concello que entre outras recolle normas tendentes a súa regulación. Así nas Ordenanzas municipais de 1687 se recolle:


“Uno de ellos es el de la moral pública, en cuyo nombre se prohíbe todo tipo de juego los días festivos antes de las doce, porque hasta entonces <<no estan dichas todas las misas>>, pero también que los practiquen durante la semana sirvientes, estudiantes y trabajadores” (Ordenanzas echas por los señores Justicia y reximiento de la ziuudad de Santiago y Alcaldes y eclesiásticos del ilustrísimo cavildo para todo jenero de bastimientos y otras cosas aprobadas por el ilustrísimo señor Arçobispo de dicha ziuudad para todo el año de 1687). AHUS. FM. Consistorios. Libro 60. F 1411, de 30 de junio⁶.



Taboleiro da Torre da Berenguela.
Foto Félix Dacosta.



Banco do Convento da Mercé.



Adro da igrexa do
convento de Santa Clara.

A descuberta

O 25 de agosto de 2015 Lito Sande publicaba nas redes sociais unha serie de gravados que localizaran él e a súa irmá Gloria na escalinata e o adro da fachada do convento de Santa Clara. Uns días máis tarde localizaba novos exemplares na fonte e o banco situados en fronte do mesmo convento. Destes achados fíxose eco o xornal El Correo Gallego na súa edición do 31 de agosto, [Un tres en raia en Santa Clara](#)⁷.



San Martiño Pinarario.

⁶ Rosende Valdés, Andrés A. “Una historia urbana: Compostela 1595-1780”. Páx. 21.

⁷ <https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/un-tres-raia-santa-clara-GICG950134>

Desde aquela, nos seguintes meses, fóronse localizando novos exemplares chegando ata os 167 localizados da actualidade. Coidamos que esta relación non esgota os taboleiros conservados e agochados nas rúas de Compostela, polo que pensamos que é necesario un estudo pormenorizado que permitiría localizar máis gravados.

Descrición dos motivos

A maioría dos taboleiros localizados poden ser identificados, sen moito xénero de dúbida, como un modelo moi sinxelo de taboleiros do xogo do pai, fillo, nai ou tres en raia.

Tal e como recolle Costas Goberna:

"Os deseños máis facilmente recoñecibles e familiares son evidentemente os coñecidos como de tres en raia coñecido tamén como ta-te-ti e na nosa zona xeográfica, cando menos nalgunhas áreas do sur da Ría de Vigo, como pai-fillo-nai, e three men's morris en inglés"⁸.

Existen varias variantes deste xogo, as principais son:

- Dous xogadores ocupan, alternativamente, os espazos dun taboleiro de 3X3 coas súas pezas. Un xogador gana cando consegue conformar unha liña de tres coas súas pezas. A liña pode ser vertical, horizontal ou diagonal.
- Xogo do muíño de tres pezas. Cada xogador ten tres pezas. Por turnos cada un vainas colocando, cando todas están no taboleiro comezan a movelas a unha coviña por quendas. O primeiro xogador que consegue facer unha fila coas súas tres pezas gaña.

Tipoloxías

- **Pai, fillo, nai.** O tipo máis común é o de tres aliñacións de tres coviñas simples, en moitas ocasións, simples picadas. Este xogo, con esta mesma denominación, pervive en Compostela cando menos ata mediados do século XX onde seguía a ser popular entre a rapazada.



Fachada do mosteiro de San Martiño Pinario.



Convento da Mercé.



Taboleiro no Claustro da Catedral de Norwich, Inglaterra.

⁸ Costas Goberna, Fernando J. "As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogos galegos". Páx. 141.


Esta tipoloxía é á mesma que a do conxunto de taboleiros de Morris conservados en varias catedrais inglesas, como a de Norwich, Canterbury, Gloucester, Westminster, Chester, Chichester, Ely, St. Alban's...

En Francia atopamos un taboleiro da mesma tipoloxía en Essonne (Île-de-France): Moigny-sur-Ecole



Banco da Fonte de Santa Clara.

Sobre o deseño máis básico de 9 covañas formando un cadrado (matriz de 3 x 3) atopamos múltiples variacións, por exemplo: Sucos interiores unindo covañas, sucos exteriores perimetrais das covañas, sucos rectos ou remates absidais.



Descoñecemos se os sucos engadidos tiñan utilidade práctica para o desenvolvemento do xogo ou si se trataba só de engadidos decorativos.

En ocasións o alto grado de erosión e o xeral mal estado de conservación dos taboleiros vai a dificultar a identificación exacta dos deseños.



Casa do Cabido. No balcón central do primeiro andar. Foto, Cristina Baulo. 7

- **Aliñación de 3 coviñas.** Non descartamos que algúns dos deseños conservados sexan taboleiros de outros xogos dos que descoñecemos as regras. O exemplo máis evidente é o caso de aqueles taboleiros conformados só por unha aliñación de tres coviñas.
- **Reticulados.** No interior do convento de San Francisco consérvase o máis complexo. Trátase dun taboleiro de matriz 5 x 6. No resto dos casos estaríamos diante de taboleiros de nove coviñas (matriz 3x3) na que se compoñen reticulados irregulares unindo con sucos as coviñas entre si. De novo descoñecemos se estes reticulados teñen utilidade práctica para o desenvolvemento de algunha variedade do xogo.



Adro da Igrexa de Santa Clara.



Reticulado do Convento de San Francisco. Foi cementado despois de localizado no 2015.

Distribución dos gravados

Atendendo á distribución dos taboleiros pódense afirmar cando menos as seguintes cuestións:

1. Trátase dun fenómeno propio de Compostela. Ata o momento non coñecemos taboleiros desta mesma tipoloxía en ningún outro lugar de Galicia⁹.
2. É un fenómeno eminentemente urbano. A totalidade dos taboleiros localízanse no núcleo urbano de Compostela. Ata o de agora non se teñen atopado taboleiros en ningunha das parroquias rurais santiaguesas. A totalidade dos que localizamos atópanse na da cidade, tanto intra como extra murallas.
3. Estes taboleiros localízanse en lugares de acceso público. Só atopamos 4 excepcións a esta regra: Santa Clara, catro exemplares no interior do portal. Dous no claustro de San Francisco, un na Torre da Berenguela da catedral e un no balcón central da Casa do Cabido¹⁰.
4. Queda un último aspecto importante á hora de analizar a distribución destes xogos e que ten que ver co proceso urbanístico que tivo lugar na cidade nos tempos do barroco. Deixamos o seu desenvolvemento para o apartado da cronoloxía xa que da súa análise establecemos a base da nosa proposta cronolóxica.

Os taboleiros distribúense nos seguintes grupos (indicamos entre parénteses o número de taboleiros localizados):

- **Santa Clara, convento.** (20). Na escalinata e no adro. A fachada levantouse entre 1719 e 1730. No interior tamén se conservan ata 4 taboleiros.

⁹ Esta afirmación debe ser tomada con cautela dada a inexistencia de estudos noutras cidades ao respecto.

¹⁰ Debe terse en conta que estes lugares serían naqueles séculos moi accesibles a persoas non relixiosas.

- **Santa Clara**, fonte e banco. (6)
- **Santa Clara, cruceiro**.(1)
- **Casa da Conga**_(1). Nos soportais. Rematada por Casas y Novoa cara o 1730.
- **Obradoiro, praza** (20). Nos bancos.
- **San Lourenzo, mosteiro** (1). No lateral da igrexa, entre un dos arcos. (reformada no XVIII, 1740. Ferro Caaveiro)
- **San Lourenzo, cruceiro** (1) Do ano 1689¹¹.
- **Carme de Abaixo, capela** (2). No adro. 1760-1773.
- **Belvís, escalinatas da Capela da Virxe do Portal** (4). Capela construída polo 1702.
- **Pazo grande de Belvís (Casa de Perezás)** (4). Nas escaleiras de acceso. Construído no século XVII.
- **San Fíz de Solovio, igrexa** (2). No lateral. Reedificada entre 1704 e 1708.
- **A Compañía, igrexa** (2). Na fachada. Levantada entre 1670 e 1674.
- **Nosa Señora da Mercé, convento** (8). Levantado por Diego de Romay cara a 1674. Nos bancos do adro.
- **Santo Agostiño, convento** (1). No portal. Edificado entre 1623 e 1648.
- **Cruceiro da Capela da Nosa Señora da Fonte** (1).
- **San Francisco, convento** (fachada e claustro). (4). Fachada posterior a 1742 e rematada con posterioridade a 1770.
- **San Martiño Pinario, fachada da Acibechería** (47). No adro e na escalinata. Esta fachada é obra de Fernando de Casas y Novoa (1738).
- **San Martiño, escalinata, fachada de San Miguel** (6). A escalinata débese a Frei Manuel de los Mártires que a principia por 1770 e remata as obras arquitectónicas da igrexa no 1773.
- **Acibechería, banco** (5).
- **Hospital dos Reis Católicos**_(1). A súa loggia foi delimitada no 1542, máis descoñecemos cando foi pavimentada.
- **Conxo, cruceiro** (2).
- **Sar, colexiata** (2) (Un incompleto). No adro. Apenas se conserva pedra orixinaria no pavimento , sendo a que serve de soporte para o taboleiro unha das excepcións.
- **Vista alegre, cruceiro** (1). (dubidoso)
- **Castrón Douro, cruceiro** (1). Con data de 1689.
- **Angustia, igrexa** (3). Adro e bancos. Edificada no século XVIII.
- **O Pilar, igrexa** (3). No adro. Rematada no 1717.
- **Guadalupe, capela** (1). No adro. Século XVIII.
- **Costiña do Monte** (1). Na fachada. Reutilizada na rehabilitación dunha casa.
- **Ponte do Asén** (3). No banco. De finais do século XVIII.
- **Facultade de Historia** (4). (1780-1808). Na fachada/banco.
- **Santo Domingo de Bonaval, cruceiro** (1). Nos chanzos do cruceiro do cemiterio da Confraría do Rosario.
- **Casa do Cabido** (1). No balcón central do primeiro andar. Rematada por Clemente Fernández Sarela no 1758.
- **Costa Vella** (1). Nunha lastra do pavimento da beirarrúa na parte alta da costa.
- **Pastoriza, capela da** (1). Levantada entre 1761 e 1762 sendo trazada a fachada por Juan López Freire. No adro apenas se conserva pedra da pavimentación orixinaria.
- **Catedral. Torre da Berenguela** (2). Un no interior e outro incompleto, ou de 3 coviñas, no banco exterior. Reformada por Domingo de Andrade no 1676.

¹¹ **García Iglesias, J.M.** <http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/antiguo-convento-san-lourenzo-trasouto-compostela/idEdicion-2014-06-22/idNoticia-875877/>

- **Pazo de Amarante** (1). Na fachada. Construída no século XVIII.
- **Avenida de Raxoi** (1). Nunha ventá da que fora antiga cárcere.
- **Cruceiro de Santa Marta** (1).

Microlocalización

A maioría destes exemplares localízanse en adros, escalinatas, escaleiras, bancos, chanzos de cruceiros, fachadas de templos e prazas. Lugares, todos eles, de paso ou de encontro de grupos de persoas.

Pero se atendemos a súa distribución observamos que na elección do lugar para gravar semella terse tentado evitar cortar o paso ou entorpecelo máis do necesario. Así nas escalinatas escollerase os extremos dos chanzos para gravar, e nos portais non se gravan os lugares centrais xa que a súa ocupación interrompería o circulación normal das persoas.

Coidamos que a case totalidade dos taboleiros se atopan no lugar onde foron gravados orixinariamente. Consideramos só unha reutilización evidente, o taboleiro da casa da Costiña de Abaixo. Non dispomos de ningún dato que indique o contrario¹². Este aspecto adquire importancia xa que estudar as datas de edificación dos elementos nos que se localizan os taboleiros vainos permitir obter unhas datas límite entre as que se desenvolverá o proceso de gravado dos taboleiros.

En relación ao soporte empregado para gravar os taboleiros débese sinalar que a case totalidade dos taboleiros graváronse sobre perpiaños graníticos, o elemento maioritario das construcións e a pavimentación da cidade. Só uns poucos exemplares foron gravados sobre xisto o da Costa Vella e o da Capela de Guadalupe, sendo tamén o xisto o material empregado na pavimentación e no edificio da capela.

Lugares de exclusión


Chama a atención a distribución dos taboleiros na praza do Obradoiro. Tanto na fachada e escalinata da Catedral como na fachada do Colexio de San Xerome non se localiza ningún taboleiro, e na fachada do Hospital Real só hai un exemplar. Isto



San Martiño Pinarío.



Casa da Conga.



San Martiño Pinarío.

¹² A pedra das lastras con gravados coincide co tipo do resto de pedras que conforman os conxuntos.

contrasta cos numerosos conservados no extenso banco corrido que hai a ambos lados do Pazo de Raxoi¹³.

Supoñemos que unha das causas que podería explicar estas diferenzas tan notables fose o feito que algunhas autoridades eran menos permisivas que outras en relación ó xogo.

- **A Catedral.** Agás o tableiro atopado no interior da torre da Berenguela¹⁴, e un segundo tableiro de 3 covañas no banco exterior. O resto da fábrica catedralicia así como os seus adros están libres de tableiros. Por outra banda a imaxe que temos na actualidade pode levarnos a erro xa que, por exemplo, temos constancia verbal da existencia de tableiros no banco da Quintana ("...xogaban as leiriñas no banco da quintana e que seique facían campeonatos,"), banco refeito na súa totalidade por Pons Sorolla na segunda metade do século pasado.
- **Hospital Real.** Só un exemplar se conserva no entorno inmediato da fachada do hospital.
- **Santo Domingos de Bonaval.** Non se coñecen tableiros na edificación e só atopamos un no seu entorno inmediato, o tableiro na base do cruceiro do cemiterio.
- **Colexio de Santiago Alfeo.**

Exclusións forzadas. A perda de lousa

Como xa se comentou ó inicio a declaración de Patrimonio da Humanidade supuxo un antes e un despois nos asuntos relativos ao patrimonio histórico da cidade. Pero este cambio tamén tivo efectos nocivos non previstos.

Un destes efectos é o derivado da actividade de renovación e mellora da pavimentación tradicional en pedra do casco vello desenvolvida nos últimos anos. Descoñecemos o número de tableiros perdidos como produto da substitución das lastras máis deterioradas por outras novas sen ter tido en conta a posible



Fonte de Santa Clara.



Facultade de Historia.



San Martiño Pinarío.



¹³ A pavimentación da Praza do Obradoiro non se levou a cabo ata o século XIX polo que non é de estrañar a falta de deseños, pero isto non é aplicable a zona da fachada do Hospital ou as escalinatas e fachada da Catedral.

¹⁴ Este tableiro posiblemente estaría vinculado ós obreiros que baixo ás ordes de Domingo de Andrade levaron a cabo as obras que remataron a torre.

existencia destes taboleiros¹⁵. Así, en algúns adros se substituíu a case totalidade da pavimentación orixinaria, como ocorreu nos casos do Convento de Belvís ou na Capela da Pastoriza.

Diferenzas cos taboleiros medievais composteláns

Os taboleiros medievais localizados en Compostela ata o momento diferéncianse en dous aspectos: na tipoloxía e no lugar escollido para a súa gravación. Hai uns taboleiros gravados en lugares privados, nos claustros dos mosteiros, e posiblemente polas súa ubicación foron elaborados por xentes pertencentes ás clases acomodadas, pola contra hai outros taboleiros, os deste artigo, que foron gravados en lugares públicos: na rúa, en prazas, adros, escalinatas, bancos... o que nos fai pensar que foron feitos por xente de clases sociais máis modestas.

Estado de conservación

No relativo ao estado de conservación a case totalidade dos deseños atopanse moi deteriorados. As coviñas e picadas produciron a debilitación da superficie das laxes nesas zonas o que provocou que a erosión actuase máis activamente.

Algúns exemplares presentan bordos moi abertos, en U, así ocorre coa maioría de taboleiros do Obradoiro, en contraste con outros deseños onde apenas son perceptibles os efectos da erosión, como os do adro da Igrexa do Pilar.

Ao situárense a ras de chan, as coviñas moi erosionadas producen unha superficie irregular que pode entorpecer o paso, pensamos que isto provocou que moitas lousas fosen retiradas nos procesos de restauración das rúas e prazas levadas a cabo nos últimos anos. De especial importancia, pola súa intensidade, é o labor levado a cabo polo Servizo de Mantemento dos Enlousados da Cidade Histórica nos últimos anos.

Outra das afeccións coa que nos atopamos en moitos exemplares é o reenchido con cemento de parte ou a totalidade das coviñas e deseños, alterándoos gravemente.



San Martiño Pinarío.



Pazo de San Lourenzo.



Banco da Praza do Obradoiro.



Fachada da Facultade de Historia.

¹⁵ Así, por exemplo, no entorno inmediato do Convento de Belvís apenas se conserva a pedra orixinaria.

Proposta cronolóxica

Na nosa primeira aproximación a un taboleiro desta tipoloxía, o da Capela do Carme de Abaixo, decantámonos por adscribilo a unha época medieval, pese a tratarse dun elemento localizado nunha construción do século XVIII, en aquel momento consideramos a posibilidade de que estivesemos ante unha pedra reaproveitada procedente dunha suposta fábrica medieval pero hoxe desbotamos esa posibilidade.

Adoita ser moi difícil desviarse dos lugares comúns, das ideas dadas por válidas, polo que tendemos a analizar as cousas sen decatarnos de que as ideas preconcebidas poden debilitar o noso criterio chegando en ocasións a facelo desaparecer completamente.


Resulta evidente que estes taboleiros non son un produto illado dun tempo determinado, se non máis ben o resultado dun proceso dilatado no tempo e iniciado cando menos nos tempos dos taboleiros mellor coñecidos dos períodos clásico e medieval.

Agora ben, consideramos que dispoñemos de datos suficientes para situar cronoloxicamente a súa elaboración desde finais do século XVII e sobre todo durante todo o século XVIII.

Se analizamos a evolución urbanística da cidade, obrigatoriamente debemos prestar atención ao período barroco, porque nel desenvolveuse un proceso fundamental que levaría á cidade a adquirir a imaxe coa que a identificamos na actualidade.

A urbanización da cidade con maiúsculas desenvolveuse neste momento. A pavimentación das emblemáticas prazas e rúas, a construción ou reedificación dos complexos arquitectónicos relixiosos máis importantes, das igrexas, conventos e capelas, son só a parte máis visible dunha profunda reorganización das trazas urbanísticas dunha cidade que estaba a abandonar definitivamente os tempos do medievo.

A petrificación urbanística levada a cabo durante o esplendor barroco foi o que permitiu a conservación desta manifestación popular, os taboleiros de xogo, nunha especie de fosilización na pedra dunha



Praza do Obradoiro.



Adro da Igrexa de Santa Clara.



Cruceiro da Capela da Nosa Señora da Fonte.



Cruceiro de Santa Clara.

actividade máis na vida cotiá dos habitantes de Compostela.

Con case toda seguridade os composteláns empregaron con anterioridade taboleiros marcados con xiz, tella ou materiais similares sobre soportes perecedoiros distintos á pedra, directamente no chan, sobre terra batida, etc. Con isto, queremos dicir que o proceso de petrificación de rúas e prazas no barroco foi o que permitiu a persistencia destes taboleiros e, ao mesmo tempo, lévanos propor unha cronoloxía para ese período, no que os taboleiros se gravan no lousado dos novos espazos públicos impulsado no barroco.

A análise da cronoloxía das reformas urbanísticas destes espazos vainos permitir coñecer as posibles datas límite de esta actividade gravadora. Non é tarefa fácil obter datas concretas da construción de elementos arquitectónicos secundarios dunha edificación, como son os bancos ou escalinatas, o que nos vai a obrigar, en moitos casos, a ter que conformarnos cas datas xerais das edificacións no seu conxunto.

1. Cando se elaboran

Para poder obter unha data aproximada desde a que se comezaron a gravar os taboleiros debemos atender ás datas nas que foron edificadas as construcións que lles serven de soporte.

Analizando cada unha das localizacións podemos extraer os seguintes datos:

- A gran maioría son edificacións construídas a finais do século XVII e no século XVIII.
- Só uns cantos exemplos poden datar a mediados do XVII (por exemplo o da igrexa de Santo Agostiño).
- Só 1 nos principios do XIX (a Facultade de Historia).



Praza do Obradoiro.

2. Cando deixan de gravarse. A Ilustración. Normas de hixiene pública.

As ideas ilustradas supuxeron unha revolución na xestión urbana, trouxeron novas formas de xestión dos espazos públicos, da moral pública, da salubridade e a hixiene, etc.

A finais do século XVIII as novas normas inspiradas na ilustración comezan a ser aplicadas na cidade con maior ou menor efectividade e van trocar os hábitos de convivencia desenvolvidos ata entón.

Sinala Rosende Valdés:

"1780 porque es el momento en el que se impone el nuevo concepto ilustrado de ciudad, que se desarrollará a partir de entonces, pero sobre todo en el siglo XIX"¹⁶.

E isto tamén semella ter afectado a este xogo popular que agora nos ocupa. Non se localizan taboleiros en edificios do XIX, entendemos que non se gravan os edificios levantados nesta época, quizais se siga xogando nos taboleiros existentes e noutros perecedoiros pero o certo é que todo apunta a que os taboleiros se deixan de gravar a comezos do século XIX.

3. Quen os gravou?

Se observamos os lugares nos que aparecen estes taboleiros vemos que se sitúan próximos ás entradas de igrexas e mosteiros, onde se concentrarían os fregueses ás entrada e saída dos cultos. Incluso eses lugares pode que funcionasen a modo de lugares de encontro e "mentideiros" nos que se achegaba a xente na procura de información.

Breve conclusión

O obxectivo desta sinxela entrada do blog é presentar este numeroso conxunto de taboleiros de xogo aos investigadores especializados, interesados e ao público en xeral. Moitas preguntas quedan sen resposta, pero cando menos deixamos aquí unha primeira achega que esperamos sexa de interese e utilidade.

Por último queremos agradecer a Lito Sande e as irmáns Baulo Daporta as súas achegas e xenerosidade.

Galería Fotográfica

[Podes visualizar aquí fotografías da totalidade dos taboleiros.](#)¹⁷

Bibliografía

- **García Iglesias, J.M.** "Galicia. Tiempos de

¹⁶ **Rosende Valdés, Andrés A.** "Una historia urbana: Compostela 1595-1780". Páx. 11-12.

¹⁷ <https://www.flickr.com/photos/112487041@N02/collections/72157660528146327/>



Capela da Nosa Señora da Angustia.



Convento da Mercé.



Pazo de Amarante.



San Martiño Pinarío.

- Barroco". (1990). ISBN 84-87751-50-4
- **Rosende Valdés, Andrés A.** "Una historia urbana: Compostela 1595-1780". (2004). Ed. Nigratea. ISBN 84-95364-28-X
 - **Costas Goberna, Fernando J.** "As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogo galegos". (2009). Instituto de Estudos Vigueses. ISBN 978-84-89599-42-0
 - **Acuña Castroviejo, Fernando et al.** "Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): Campaña de 2006". Gallaecia N° 25. Santiago de Compostela, (2006).
 - **Hidalgo Cuñarro, J.M.** "Los juegos de tablero medievales de la catedral de Ourense", En: "Porta da aria: revista de historia del arte orensano", p. 107-158. Ourense, (2008).
 - <http://juegosdetablerosromanosymedievales.blogspot.com.es/2008/06/tablero-de-juego-de-cazoletas-de-la.html>
 - <http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/antiguo-convento-san-lourenzo-trasouto-compostela/idEdicion-2014-06-22/idNoticia-875877/>
 - Martín Moreno, Carla. (2010). "Origen e Historia del tres en raya"
 - <http://jauntingjen.com/nine-mens-morris-everywhere/>
 - <http://torturedcreative.blogspot.com.es/2017/03/an-alternative-tour-of-norwich-cathedral.html>
 - <http://www.angolohermes.com/Speciali/Inghilterra/Canterbury/Canterbury.html>
 - http://www.angolohermes.com/Speciali/Inghilterra/Londra/Londra_O2.html
 - <http://www.angolohermes.com/Speciali/Inghilterra/Ely/Ely.html>
 - <https://www.centro-studi-triplice-cinta.com/products/west-sussex-inghilterra-chichester/>
 - <https://www.centro-studi-triplice-cinta.com/products/essonne-%28%28île-de-france%29%3a-moigny-sur-ecole/>